



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

BASES PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE PERSOAL EN ORDE Á PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS SEGUNDO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE FRIOL, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA: Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión de tres (3) traballadores para operarios condutores do vehículo motobomba, do Concello de Friol por un período de tres meses do exercicio de 2017. A convocatoria faise con carácter temporal para a provisión por persoal laboral temporal conforme á tramitación esixida pola vixente lexislación. Formalizarase co persoal seleccionado un contrato, conforme o previsto no Estatuto dos Traballadores, cunha duración de tres meses, a xornada completa.

A contratación farase para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural. O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de conformidade á normativa aplicable ao persoal das brigadas municipais, participará nas operacións de extinción e remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal, cando así o decida o mando único, conforme ao establecido na lexislación vixente. O vehículo motobomba integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación do vehículo motobomba na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no art. 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Ademais, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

Respecto a xornada dos operarios condutores, segundo o establecido no convenio que literalmente dí: "Manter operativos os vehículos motobombas durante cada un dos meses



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

de vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexan requirido/s para a extinción destes”.

Todo elo sen prexuízo das labores que lle poidan encomendar pola Alcaldía ou polos concelleiros delegados que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web (www.concellodefriol.es).

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.- Para ser admitidos/as nos procesos selectivos, tódolos/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser Español ou nacional dun estado membro dun Estado da Comunidade Europea. Os cónxuxes dos españois ou dos nacionais dos Estados membros da U.E. sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e o seu cónxuxe, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén os estranxeiros/as dun estado non integrado na U.E. que teña residencia legal en España e poida acceder sen limitacións ao mercado laboral.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas a que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. Con carácter previo á contratación realizarase un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar os mesmos, non terán dereito á contratación, aínda que foran previamente seleccionados para elo.
- d) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente .



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional de outro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sometido/a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración normal baixo xuramento ou promesa.
- f) Estar en posesión das seguintes titulacións e requisitos específicos: certificado de estudos primarios, titulación superior ou equivalente. No caso de titulacións estranxeiras, deberán aportar documento que acredite a súa homologación. Ademais deberá posuír o carné de conducir clase C.

Deberán cumprir estes requisitos na data de presentación da instancia. Ademais os aspirantes deberán presentar documentación acreditativa da posesión dos méritos alegados, que probe e de fe da posesión dos mesmos.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS.-

3.1 Os que desexen formar parte no proceso selectivo, deberán presentar solicitude no modelo oficial (Anexo II da convocatoria) que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello de Friol e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es), dirixidas ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Friol.

3.2 Para ser admitido ao proceso de selección os aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas no apartado 2º das presentes bases.

3.3 Coas instancias deberanse acompañar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na presente convocatoria. A falta de acreditación dos méritos alegados na correspondente instancia, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.

3.4 O prazo de presentación de solicitudes será de seis días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, anuncio que tamén se publicará no taboleiro do concello e na páxina web. (www.concellodefriol.es)



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

3.5 As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Friol en horario de 9 a 15 horas en días laborais (Praza de España, 4 de Friol), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude se presentara por Correo ou nun Rexistro diferente ao do Concello de Friol, se deberá remitir ao Fax do Concello de Friol (982375206) antes da data de expiración do prazo o documento xustificativo correspondente.

4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Logo de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos e excluídos, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web (www.concellodefriol.es), concedendo un prazo de dous días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para posibles reclamacións ou corrección de erros. Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas e a composición do Tribunal Cualificador.

Os datos persoais (nome, apelidos, enderezo aos efectos de notificación) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.- O tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos e realización das probas para a provisión por concurso dos postos a que se refiren as presentes bases estará composto por:

- Presidente/a: O persoal funcionario da Corporación que se nomee.
- Secretario/a: O Secretario da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa.
- Vogais: Tres vogais persoal funcionario ou laboral fixo dunha administración local designados/as pola Alcaldía.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto nos artigos 1.1 d) e 27.1b), 29 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-

O procedemento de selección será de conformidade co seguinte:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

6.1 Proba Tipo Test (Puntuación Máxima 10 Puntos)

Realizarase un exercicio que consistirá en contestar por, nun prazo máximo de trinta minutos un cuestionario tipo test de 20 preguntas, sobre cuestións do traballo a realizar e o coñecemento do termo municipal (segundo o temario que figura no Anexo I) sendo a puntuación mínima para a súa superación de 5 puntos. O/a aspirante que non acade a puntuación mínima quedará eliminado do proceso selectivo. Das preguntas con respostas alternativas elixirase unha como resposta, puntuando cada unha correcta 0,50 puntos e as incorrectas restando 0,25 puntos cada unha. Puntuarase ata un máximo de 10 Puntos.

6.2 Méritos(Puntuación Máxima: 6 Puntos)

A) Experiencia Profesional: (Puntuación Máxima: 3 Puntos)

- Por servizos prestados na administración local ou nos seus organismos en postos relacionados co obxecto da convocatoria a razón de 0,035 Puntos por mes ata un máximo de 1,25 Puntos.
- Por servizos prestados na administración pública estatal ou autonómica en postos relacionados co obxecto da convocatoria, a razón de 0,035 Puntos por mes ata un máximo de 1,25 Puntos.
- Pola experiencia profesional referida á empresa privada, en traballos relacionados co obxecto da convocatoria, a razón de 0,025 Puntos por mes ata un máximo de 0,50 Puntos..

Os Méritos do apartado A) acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de contratos de traballo ou de certificación expedida por autorizado ou funcionario que acredite a situación laboral do solicitante.

B) Formación: (Puntuación Máxima: 2 Puntos)

1. Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

un máximo de 1,50 puntos. Os cursos que, a xuízo do órgano de selección, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados. Soamente se valorará a formación realizada dende o ano 2000 ata o 2017, non valorándose a formación anterior. As valoracións serán de conformidade coa seguinte táboa:

- Menos de 20 horas(ou que non expresen número): 0,05 puntos.
 - De 20 a 50 horas: 0,10 puntos.
 - De 51 a 75 horas:: 0,20 puntos.
 - De 76 a 100 horas: 0,30 puntos.
 - De mais de 100 horas: 0,40 puntos
2. Coñecemento do idioma galego: soamente terán validez os cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación, computándose unicamente o grado superior. Valoraranse de conformidade coa seguintes puntuacións:
- Celga 1: 0,20 puntos.
 - Celga 2: 0,30 puntos.
 - Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,40 puntos.
 - Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 0,50 puntos.

C) Entrevista Persoal: (Puntuación Máxima: 1,00 Punto).

Entrevista persoal realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do/a candidato/a para o axeitado desenvolvemento das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, valorándose entre outros aspectos a aptitude e actitude para o posto, o currículo, o coñecemento do medio, a criterio ponderado do órgano de selección ata un máximo de 1,00 puntos.

6.3 Puntuación Total.

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinado pola suma dos puntos acadados na fase de proba tipo test e na de méritos.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es) a efectos de posibles reclamacións durante un período de tres días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

7. - LISTA DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es) a lista definitiva de aprobados por orde de puntuación obtida. En caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na fase de oposición, e se persiste o empate o aspirante que tivera maior puntuación no apartado A) da fase de concurso. De persistir o empate, o aspirante que obtivera maior puntuación no apartado B) da fase de concurso. Se persiste o empate, por sorteo.

Os aspirantes seleccionados, no prazo de tres días naturais contados dende o día seguinte se fixese pública a lista definitiva de aprobados, deberá presentar na Secretaría do Concello de Friol, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- b) Certificado de número de conta bancario.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, neste caso poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc.

Os/as traballadores seleccionados/as están obrigados á superación de un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais, nas datas que fixe o concello, antes da súa contratación. A non superación do recoñecemento médico ou proba de esforzo, ou ben a non realización do curso será causa de non contratación do/a traballador/a seleccionado/a.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Os/as que non teñan a puntuación suficiente para acadar posto de traballo, pasarán a formar parte de unha bolsa de traballo, de tal xeito que cando o concello necesite un traballador de estas características para o mesmo servizo, acudirá a dita lista, seleccionando aos mesmos pola orde de prioridade, segundo a puntuación obtida. Formarán parte da mesma nos últimos lugares os que non superasen a proba tipo test.

Os que dentro do prazo establecido e, salvo casos de forza maior, non presentasen a documentación pertinente, ou da mesma se deducira que carecen dalgún requisito esixido, non poderá ser contratado, sen prexuízo da falsidade na que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación.

8.- DISPOSICIÓN FINAL.- O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver a as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na súa páxina web (www.concellodefriol.es), ante o Alcalde do Concello de Friol, de conformidade co descrito na Lei 39/2015, ou un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na súa páxina web (www.concellodefriol.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese consideran máis conveniente para o seu dereito.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón de materia.

Friol a 02 de Xuño de 2017

O ALCALDE



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ANEXO I: TEMARIO:

1º.- COMPORTAMENTO DO LUME: O INCENDIO FORESTAL;DEFINICIÓN; PARTES DUN INCENDIO; FORMAS DUN INCENDIO; TIPO DE LUMES; FACTORES QUE INFLUEN NO COMPORTAMENTO DO LUME; COMBUSTIBLES; INFLUENCIA DO CLIMA; FORMAS DE PROPAGACIÓN DO CALOR NO MONTE; INFLUENCIA TOPOGRÁFICA; CLIMA DO INCENDIO.

2º.- DETECCIÓN, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DOS FOGOS FORESTAIS: INTRODUCCIÓN; DETECCIÓN, DISUASIÓN E INVESTIGACIÓN. REGULACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS E COMUNICACIÓNS DE QUEIMAS. ESTADOS DO INCENDIO; ORGANIZACIÓN PREVIA AO COMBATE DO INCENDIO; COMBATE DO INCENDIO; TÉCNICAS DE EXTINCIÓN; ACCIÓNS TRAS O INCENDIO: RELEVO.

3º.- SEGURIDADE PERSOAL: UNIFORME E EQUIPO; PRECAUCIÓNS XERAIS; PRECAUCIÓNS NO USO DE FERRAMENTAS, VEHÍCULOS, CORTAFOGOS, TRANSPORTE,RETARDANTES E MEDIOS AÉREOS.

4º.- XEFE DE CUADRILLA, CONDUCTOR VEHÍCULO MOTOBOMBA E PEÓNS DE BRIGADA: FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES; A ORGANIZACIÓN DA CUADRILLA; ACTUACIÓNS DO XEFE DA CUADRILLA, CONDUCTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA E PEÓNS DE BRIGADA NA PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

5º.- CONCELLO DE FRIOL: POBOACIÓN; SITUACIÓN XEOGRÁFICA; PARROQUIAS E BARRIOS DE FRIOL; TURISMO E PATRIMONIO.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ANEXO II. - MODELO DE SOLICITUDE. -

D./D^a _____ con D.N.I. número _____,
con enderezo a efectos de notificación en _____,
teléfono de contacto número _____

Enterado/a pola publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da convocatoria para a provisión de tres traballadores na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículo motobomba.

Por medio do presente escrito:

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria

Que son certos os datos consignados na solicitude, que acepto integramente, manifestando a conformidade coa realización do proceso selectivo dacordo co establecido nas bases.

Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias dos postos de traballo.

Que na data da presentación da solicitude reúne tódalas condicións e requisitos esixidos nas bases, que se compromete a probar documentalmente,

Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin esta inhabilitado/a para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto de condutor de vehículo motobomba, axuntando ao mesmo copias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados, a efectos da súa valoración polo órgano encargado da provisión dos mesmos. Relación circunstanciada da titulación e dos méritos que se alegan, segundo as bases da convocatoria, para a admisión ao proceso selectivo e a valoración na fase de méritos, no caso de superar a proba tipo test:

I.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.—

.....
.....
.....
.....
.....
.....

II.- FORMACIÓN.-

.....
.....
.....
.....
.....

III.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.-

.....
.....
.....



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

.....
.....
.....

Manifesto se coñecedor/a de que os méritos non se tomarán en consideración nin será avaliados se non se presentan documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias cotexadas) que os acrediten debidamente, dentro do prazo de presentación de instancias do posto a que opto.

Consinto no tratamento dos meus datos e do mesmo xeito poder exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación, de conformidade coa normativa de aplicación.

Friol a ____ de _____ de 2017

Asdo. _____



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ANEXO III.

En relación co establecido na LOPD de carácter persoal, o Concello procede a informar que os datos obtidos serán incorporados a un ficheiro do que será responsable o Concello, con enderezo social en Praza de España de Friol. Os datos obtidos son co consentimento do/a interesado/a. O obxecto do tratamento será a xestión da relación contractual entre o Concello e o/a solicitante. O/a interesado/a gozará en todo momento dos dereitos de accesos, rectificación, cancelación e oposición garantidos por lei vixente. O/a titular dos datos comprométese a comunicar por escrito en calquera momento ao Concello, calquera modificación dos datos aportados.